

Guía de axuda para os proxectos ALIMENTATE BEN-XERMOLON.

I. Consellos para redactar a memoria.

Logo da avaliación das memorias dos proxectos XERMOLON nos cursos anteriores, asoman algúns aspectos que, pola seu relevancia para convocatorias futuras, convén mellorar. A continuación, explicámosvos algúns dos mais relevantes para comprender mellor os proxectos.

1. Procurade as explicacións precisas que permitan unha información completa.

Cómpre mellorar a imprecisión, concretar os proxectos e describir o xeito de organizarse, a estrutura, os produtos, as actividades secuenciadas e dirixidas a acadar cada un dos obxectivos.

2. Identifícade obxectivos ben definidos para tentar cumprilos.

Polo xeral, propóñense demasiados obxectivos e moi ambiciosos, polo que é difícil acadalos todos. Non hai porque facelo "todo": Non hai obriga algunha en avaliar no mesmo proxecto a oferta alimentaria do comedor, da cafetería, da casa e a da publicidade alimentaria nos medios de comunicación.

3. Presentade sempre un plan de avaliación do voso proxecto.

Ao final do proxecto, non ven sendo habitual establecer o grado de consecución dos obxectivos. Polo xeral, adoitáanse replicar "igual" que ao principio do proxecto.

3. Describide a metodoloxía empregada de forma exhaustiva.

Con frecuencia, atopamos "xeneralidades" ("será participativa", "traballarase co alumnado") pero é necesario explicar como o imos facer. Un exemplo:

"No noso centro propoñémonos analizar a publicidade alimentaria en TV. Para iso:

- a) Informamos do proxecto ao alumnado.

b) Solicitamos aos alumnos e alumnas que se organicen en grupos de traballo de 6 persoas.

c) Páctanse tempos e fitos, consensuamos o método. Por exemplo, todos os venres o profesor coordinador recibe un resumo por parte dos alumnos do traballo realizado, das dificultades, da organización e reorientación do proxecto, etc.

d) Explícase o método de traballo e unha vez obtido consenso co profesor: Por exemplo: "tómanse 4 semanas consecutivas, en días alternos e á mesma hora de 3 cadeas diferentes; elabórase unha base de datos,etc."

4. Fomentade a participación activa entre o alumnado.

Apréciase un certo desequilibrio entre as actividades divulgativas con contidos máis teóricos, de profesor a alumno, pero con escasa participación realmente "activa". En moitos casos, amósanse certas iniciativas pola parte do alumnado (por exemplo material audiovisual), pero expoñendo únicamente contidos teóricos.

6. Implicade a toda a comunidade educativa.

Aparece escasa ou nula participación das familias e do contorno social do escolar. Salvo espléndidas excepcións, todas as actividades fanse "intramuros". Os circuítos de ensino-aprendizaxe son "pechados".

7. Centrádevos no proxecto.

Algunhas das tarefas desenvolvidas polo profesorado adscrito ao programa non teñen que ver, nin poden ser aceptadas como parte do proxecto (tarefas propias doutros proxectos, acompañar aos nenos a unha actividade, actividades dun día, etc.).

8. Utilizade un soporte con contido audiovisual axeitado para a súa reprodución.

As veces, os formatos adoitan ser complexos para o seu análise e os links aparecen inconexos con relación ao proxecto. Aconsellamos integrar a memoria do proxecto con toda a documentación anexa nun soporte que permita avaliar o proxecto.

9. Buscade a interdisciplinabilidade e a transversalidade.

No documento en pdf anexo (presentación e comentarios na aula), propoñemos certas iniciativas na procura destes obxectivos. Lembrade que o tema da alimentación e saúde permite de por sí, estes elementos. Por exemplo, para o ensino das Linguas estranxeiras o alumnado pode avaliar menús escolares de centros de Francia ou de Irlanda; para a Historia pódense avaliar hábitos alimentarios e formas de consumo da época clásica; para Economía o proxecto pódese relacionar coa explotación de recursos naturais e do sector primario, etc.

II. Proposta de mellora. Exemplo da memoria dun proxecto unha vez desenvolvido ao longo do curso escolar.

1. Explicade sempre:

- **Do que se parte**

Exemplo: "O noso proxecto van levalo a cabo 2 grupos da ESO. Imos traballar na hora semanal de...(tutoría, da asignatura optativa tal ou cal). Dos...(número de alumnos cos que contamos inicialmente) manifestaron interese...(número de alumnos dispostos a participar). Para desenvolver o proxecto comprometéronse...(número de profesores comprometidos co proxecto) e outros...(número de profesores de apoio) ofrecen axuda puntual para ... (determinadas actividades ou para realizar o seguimento, etc".

- **O que querían facer inicialmente:**

Exemplo: "Obxectivos específicos: Os alumnos van a:

1. Analizar a oferta alimentaria da súa contorna familiar e polo menos coñecer a frecuencia de consumo de...tal ou cal grupo de alimentos entre os membros da súa familia.
2. Realizar unha enquisa alimentaria no fogar para coñecer a frecuencia de consumo de todos os grupos de alimentos.
3. Realizar e gravar unha enquisa na súa casa (inicial e final) para coñecer cales son as razóns da alta ou baixa frecuencia de consumo deses alimentos.
4. Organizar un sesión formativa en video dirixida ás súas familias para mellorar o consumo en función das razóns que alegan".

- **O que puideron ou decidiron facer:**

Exemplo: "Dado o extenso da enquisa e as dificultades para obter un cuestionario axeitado, decidiron avaliar só 2 grupos de alimentos (peixes e

legumes). Realizaron unha táboa comparativa e formularon unha serie de propostas de mellora.

A sesión formativa con contidos teóricos de alimentación programada ao comezo para emitir no blogue do centro substituíronna por obradoiros de cociña presencial. Contaron coa colaboración dunha cociñeira dun restaurante do municipio, que organizou no primeiro trimestre unha serie de obradoiros en colaboración co mercado de abastos, dado que a principal razón que alegaban as súas familias eran as dificultades de tempo e de preparación para cociñar as legumes. Como a realización dos talleres supoñía un gasto inicial, tiveron tamén que buscar "patrocinadores" entre o centro e as familias. Ademais, deseñaron algúns obxectos que venderon no centro para recaudar fondos".

- **O que acadaron:**

Exemplo: "As alumnas e os alumnos foron capaces de organizarse en grupo, deseñar o seu proxecto, elaborar o plan de traballo, adxudicar tarefas e analizar dun xeito reflexivo e crítico o seu consumo alimentario. Tamén de redirixir o seu proxecto en función dos resultados e deseñar unha proposta de mellora, avaliando os recursos da súa contorna e chegando a acordos con terceiros. Dos 20 alumnos participantes, acudiron aos obradoiros 12 familias (nai, pai, avós). Na enquisa final, con respecto á inicial, incrementouse a oferta de peixe nun 20% e de legumbres nun 25%, do total dos fogares."

- **Como o avaliaron:**

Exemplo: "Dende o inicio, catro alumnas asumiron as tarefas de avaliación. Dado que o seu traballo implica coñecementos matemáticos para establecer parámetros estadísticos e coñecementos lingüísticos, solicitaron aos profes de devanditas materias un recoñecemento ao seu labor.

Rexistraron todas as tarefas, os resultados das enquisas, as incidencias, os

atrasos e estableceron un cronograma inicial. Ademais, rexistraron os produtos (descrición de soportes informáticos...) e os resultados obtidos. Cada 15 días solicitaron reunión co profesor coordinador para explicarlle incidencias, consultar dúbidas e alcanzar solucións. Afixéronse a levantar acta de cada unha das reunións"

- **O que aprenderon.**

- Que é unha enquisa alimentaria
- Que é un cuestionario
- Como se realiza unha táboa de frecuencias
- Como se fai un informe de resultados
- Como se organiza un grupo de traballo
- Como se busca consenso
- Como se solicitan melloras aos profes
- Como nos relacionamos con outras persoas
- Como buscamos compromisos de participación coas familias
- Como buscamos recursos

2. Aprender ao alumnado a traballar ben, con rigor e bases adecuadas:

- ➔ É moi importante valorar o traballo ben feito, o rexistro das actividades, os informes cos resultados, etc. Para isto, o traballo do profesor debe ser o modelo a imitar. Os obxectivos non teñen por que ser excesivamente ambiciosos pero a metodoloxía ten que ser clara e rigorosa.
- ➔ Para entusiasmar e implicar ao alumnado no autocuidado da saúde, e fomentar a participación "activa", os alumnos deben crear o seu propio campo de coñecemento, ademais de ser capaces de analizar e de valorar a súa contorna. Convertelos en "axentes de saúde" e dotarlles de responsabilidades,

confianza e seguridade pode ser unha base sólida para a adquisición e consolidación de hábitos.

- Lembrade que para fomentar o coñecemento, o alumnado debe "aplicalo" e non só "memorizalo".
- Traballar a comunicación e a expresión oral. Expoñer o seu traballo en público aos seus compañeiros é un bo comezo. Aprenderlles a usar ferramentas (gráficos, infografía, presentacións...) axeitadas para cometidos similares.
- Favorecer a súa independencia, o seu sentido crítico e a súa capacidade de análise.
- Espertar outros axentes e recursos da comunidade. (A cociñeira do exemplo anterior; a iniciativa da alumna que vemos nun dos videos e que fai unha entrevista ao pescadero do seu pobo e este dá unha lección sobre o xeito mais adecuado para escoller e mercar peixe...).
- Promocionar ao alumnado. Moitos dos videos que prepararon son auténticas "píldoras" informativas para a súa comunidade.

